



O teu Concello informate

A Comisión de Valoración da Consellería de Traballo e Benestar acaba de realizar unha comunicación favorable para a realización do Obradoiro de Emprego denominado "PARQUE DOS MONTES GALEGOS" solicitado conxuntamente entre o Concello de Paderne e o Concello de Miño a través da sinatura dun convenio.

A especialidade a impartir será a de "Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes" para un total de 20 alumnos que realizarán as prácticas correspondentes ás citadas especialidades en parques, xardíns e parcelas de ambos concellos contando ademais con 1 director, 2 profesores da especialidade, 1 profesor de formación empresarial, 1 titor e 1 auxiliar administrativo, o que fai un total de 26 persoas empregadas.

Representa unha nova vía de formación e emprego para moitas persoas do Concello; unha gran oportunidade e fonte de ingresos pola que o Alcalde viña loitando desde que, no 2011, rematou o terceiro Obradoiro que se realizou integramente en Paderne.

Comezouse co "Obradoiro de Emprego 2008" que dou traballo a 36 persoas nas especialidades de albanelería e xardinería; no ano seguinte co "Obradoiro de Emprego 2009", estiveron traballando 31 persoas nas mesmas especialidades e, xa no 2011 foron tamén 31 persoas as que integraron o III Obradoiro "Revalorización do Rural". Unha forte aposta pola que o Alcalde veu a loitar ante as diferentes Administracións representando para o Concello unha importante fonte de ingresos ampliada agora con este novo Obradoiro que se realizará conxuntamente co Concello de Miño e que ven a respaldar un traballo froito das boas relacións existentes entre as diferentes Administracións.

Así, e coa ilusión de poder ofrecer novas oportunidades nunha época difícil para a nosa sociedade, recóllense os froitos deste empeño por axudar con tódalas ferramentas posibles á economía de Paderne.



Os Alcaldes de Miño e Paderne asinando o convenio para a realización do IV Obradoiro de Emprego

Clausura das actividades de adultos

Clausuráronse o día 13 de xuño no local social de Quintas. O acto, presidido polo Alcalde acompañado polo Equipo de Goberno contou, como novidade, cunha presentación na que se mostraban fotografías das persoas que foron participando nos distintos talleres que se imparten nas parroquias desde o ano 2001.

Non podía faltar nesta clausura a exhibición de baile por parte dos integrantes nesta actividade sendo moi aplaudida por tódolos asistentes.



O grupo que acude a Vilamourel durante a súa exhibición

Excursión dos Talleres de Memoria ó Centro Etnográfico de Teixeira



Foto do grupo no inicio da visita

As persoas participantes nos talleres de memoria que se impartiron no Concello de Paderne, xuntáronse para realizar unha visita cultural ó Centro Etnográfico de Teixeira.

Acompañados polo Alcalde, recibiron explicacións relativas ós contidos expostos nas diferentes salas nas que se podían atopar paneis explicativos, pantallas para visualizar o funcionamento dos muíños, cámaras con realidade virtual, mirillas con pasafotos e a maqueta do castro de Viladonga.

Excursión coas Escolas de Educación Infantil ás Brañas de Valga

O 18 de xuño, o Alcalde acompañou ós nenos e nenas das Escolas de Educación Infantil ás Brañas de Valga, no Concello de Mesía. Alí, recibidos polo Alcalde desta localidade, participaron en diversas actividades compartindo xuntos un estupendo día no que aprenderon disfrutando en contacto coa natureza.

Os pequeniños percorreron as diferentes salas, participaron en talleres de barro e visitaron o exterior cunha pequena ruta polas inmediacións da lagoa na que se podían ver patos, cisnes, ras e outras especies propias deste medio.



Os nenos e nenas das tres escolas xunto co noso Alcalde e o Alcalde de Mesía

Orzamento Municipal 2014

Recóllense, con carácter xeral, uns orzamentos incrementados, con respecto ó ano anterior en 244.470,80 € plasmado, sobre todo na maior inversión nos Plans de Obras e Servizos.

Prevese reducir a **débeda a cero** cumprindo coa estabilidade orzamentaria, regra de gasto e o límite de débeda; todo isto sen deixar de atender as necesidades básicas dos veciños: alumado, obras, mantemento de servizos, limpeza viaria, recollida do lixo, así como as actividades culturais, deportivas, promoción económica e servizos sociais.



O Alcalde e o Concelleiro de Facenda

INGRESOS: 1.534.097,24 euros

- Capítulo 1.- Impostos directos: 277.734,87 euros
(Proceden do Imposto sobre bens inmo-
bles de natureza Rústica e Urbana, Impos-
to sobre actividades económicas e Impos-
to de Vehículos)
- Capítulo 2.- Impostos indirectos: 20.500 euros
- Capítulo 3.- Taxas e outros ingresos: 179.193,35 euros
(Proceden da Expedición de documentos,
Licencias de apertura de establecementos,
Recollida de Lixo, Alcantarillado, Auga, Fe-
nosa e Telefónica)
- Capítulo 4.- Transferencias correntes: 763.466,59 euros
(Participación nos Tributos do Estado,
compensación pola perda do IAE, sub-
vencións de carácter repetitivo da Xunta
e Deputación)
- Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais: 100,00 euros
(Intereses das contas bancarias)
- Capítulo 6.- Enajenación de inversións: 100,00 €
- Capítulo 7.- Transferencias de capital: 289.997,37 euros
(Subvencións de Xunta e Deputación des-
tinadas a investimentos)
- Capítulo 8.- Activos financeiros: 3.005,06 euros
(Reintegros de persoal dos préstamos
concedidos)
- Capítulo 9.- Pasivos financeiros: 0 euros
(Préstamos)

GASTOS: 1.534.097,24 euros

- Capítulo 1.- Gastos de persoal: 404.685,55 euros
(Comprenden as retribucións a tódolos
traballadores do Concello, incluídos os
subvencionados polos distintos Organismos
Públicos)
- Capítulo 2.- Gastos en bens correntes e servizos:
779.431,12 euros
(Son os considerados necesarios para o
mantemento dos servizos: luz, teléfono,
combustibles, limpeza, calefacción, alu-
meado público, recollida do lixo, seguros,
gastos de oficina, correos...)
- Capítulo 3.- Gastos financeiros: 1.000,00 euros
(Pago de intereses a bancos)
- Capítulo 4.- Transferencias correntes: 5.200,00 euros
- Capítulo 6.- Investimentos reais: 314.675,51 euros
(Investimentos en obras, infraestructuras,
alumado público)
- Capítulo 7.- Transferencias de capital: 100,00 euros
- Capítulo 8.- Activos financeiros: 3.005,06 euros
(Préstamos ó persoal)
- Capítulo 9.- Pasivos financeiros: 26.000,00 euros
(Pagos de operacións de crédito vixentes)

Contratacións por medio dos programas de cooperación

Cooperación Xunta

O Concello de Paderne ven de contratar un **socorrista** para a piscina municipal a xornada completa por un período de dous meses con cargo á solicitude realizada a través dos Programas de Cooperación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, que permite financiar parte dos servizos que a piscina municipal presta ós veciños durante a tempada de verán.

Cooperación Deputación

A través do programa de limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia durante o exercicio 2014 da Deputación de A Coruña, o Concello de Paderne ven de recibir unha subvención de **9.816 €** para a contratación de **5 peóns** ata o 31 de agosto o que permite proporcionar uns importantes os servizos de limpeza tan necesarios na tempada de verán.

Subvención Nominativa de Cultura da Deputación

O Alcalde ven de encargar o proxecto de "Mantemento e reparación do local social de Vigo, da biblioteca municipal e locais de uso veciñal" co fin de paliar os deterioros sufridos nestas infraestruturas polo paso do tempo e así ofrecer lugares dignos nos que poder seguir desenvolvendo as funcións para os que foron deseñados; para elo, solicítase á Deputación unha achega de **11.643,22 €**.

Igualdade

Vense de solicitar á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, unha axuda de **6.000 €** para a contratación dunha persoa por un período de tres meses co obxecto de desenvolver o III Plan de Igualdade de Oportunidades co fin de traballar por unha mellora real nos dereitos da persoa.

Conciliación

Como medida de apoio ás familias facilitando a conciliación da vida laboral e familiar, vense de contratar a unha persoa para desenvolver durante estes meses de verán o Programa "Aulas de Conciliación" dirixido ás familias con menores de entre 3 e 12 anos cuxos progenitores traballen. Estas Aulas teñen lugar nas dependencias da Casa do Concello en horario de mañá ata o 29 de agosto.

Subvencións

A través da Orde do 16 de maio de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, o Concello ven de solicitar unha axuda de **11.175,58 €** para o mantemento e reparación do local social de Chantada, na parroquia de Souto.

A través da Orde do 28 de abril de 2014 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións para a promoción da información xuvenil para a realización de actividades dirixidas á xuventude, solicítase unha axuda de **4.000 €** para o desempeño destas funcións.

Programa de Promoción Económica da Deputación

A través do "Programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes no exercicio 2014", ó Concello de Paderne solicita unha achega de **7.986,28 €** para a contratación de 2 traballadores por un período de 3 meses.

Estas contratacións van a servir para dar un mellor servizo ós veciños resolvendo moitas das necesidades que se van presentando ó longo do ano.

Sinatura de Convenio coa Deputación

O Alcalde ven de asinar este pasado mes de xuño, un acordo co Presidente da Deputación de A Coruña para a mellora e reparación da rede viaria municipal nas parroquias de Adragonte, Velouzas, Viñas e Quintas por un importe de **105.000 €**.

Xa iniciado o proceso de contratación das obras, consistirán fundamentalmente na realización de labores de pavimentación nos camiños das catro parroquias incluíndo tamén a limpeza da superficie, riego asfáltico de selado e a formación e limpeza de cunetas en 24 camiños abarcando un total de 13,6 km.

Esta inversión vai a permitir reparar os danos producidos polos últimos temporais así como o desgaste provocado pola masiva saca de madeira polas estradas.



O Alcalde e o Presidente da Deputación na sinatura do Convenio

Programa Integrado de Emprego

En base á Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2014 e 2015, o Concello de Paderne realizou unha solicitude conxunta cos concellos de Betanzos e Coirós a fin de poder desenvolverlo para os seus veciños continuando así coa filosofía que mantén o Alcalde de boas relacións cos concellos da zona en pro de optimizar as prestacións que se poden ofrecer ós habitantes de Paderne.

Así, a partires deste mes e ó longo de un ano, **65 persoas** van a participar del con accións formativas financiadas a través do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e a Consellería de Benestar da Xunta de Galicia así como con aportacións dos concellos.

A través do proxecto Re-integra, presentado polos tres concellos, dirixido a persoas desempregadas en risco de exclusión social: menores de 30 anos con baixa cualificación, mulleres vítimas de violencia doméstica e persoas con discapacidade vanse a desenvolver diversas accións formativas entre as que destacan os módulos para os 65 participantes no programa e outros máis específicos de formación profesional nos que participarán 30 persoas.

Os módulos que o integran son os seguintes:

- Un módulo de inserción laboral con recomendacións e análise para a busca de emprego; a súa duración será de 25 horas.
- Un módulo de habilidades sociolaborais para o acceso ó emprego; a súa duración será de 20 horas.
- Un módulo de sensibilización en igualdade; a súa duración será de 10 horas.
- Un seminario básico de autoemprego; cunha duración de 15 horas.

En canto á formación profesional, haberá os seguintes cursos:

- Un curso de soldadura de 670 horas para 15 persoas.
- Un curso de mantemento de xardíns e zonas verdes de 470 horas para 15 persoas.

Feira de Paderne / Mostra do Branco Lexítimo

Este mes de xullo comezou retomando unha importante cita coa que Paderne destacou en toda a provincia e que veu achegando, ano tras ano, a persoas de distintas idades ata o noso Concello. Retomouse a actividade da Feira cun novo enfoque apostando por un valor que, segundo os entendidos na materia, pode chegar a converternos nun punto de referencia importante no sector do viño.

Así, mostrando as diferentes adegas e os seus caldos, botou a andar este ano 2014 a **Mostra do Branco Lexítimo** na que estaban representadas tódalas adegas que buscan xogar un papel importante neste proxecto que arranca amparado no importante marco da Reserva da Biosfera.

E ponse en marcha nun significativo 2014, centenario da primeira referencia sobre o Branco Lexítimo documentada por Nicolás García de los Salmones, concretamente no Concello de Paderne.

Nestes dous días de Mostra tamén a alimentación de Paderne xogou un papel destacado; non podían faltar os nosos queixos, o pan e o doce, os xeados nin a mel. Embutido, sardiñas e pulpo formaron parte da oferta gastronómica que este primeiro fin de semana de xullo estaba representada en Paderne.

Pero, para facer estes dous días máis atractivos, os visitantes puideron admirar pezas de artesanía, ver as últimas novidades en maquinaria e disfrutar do concurso de cans e da exhibición hípica.

As catas de viño e os obradoiros de cociña que todos puideron seguir a través de pantallas de televisión aproveitando as prestacións que nos ofrecen as novas tecnoloxías, foron importantes novidades que, esperamos, se convertan en sinal de identidade e referencia que acompañe esta nova andadura.



Lectura do pregón



Plantando a vide de Branco Lexítimo coas tres Comarcas que forman parte da denominación de Viño da Terra; a Comarca de Betanzos, Terras de Negueira de Muñiz e a Comarca do Barbanza.

Día da Familia

Celebrarémolo o día **30 de agosto** no campo de O Telleiro; levaremos a comida e contaremos cun programa repleto de actividades para pasar un día moi agradable.

Os que desexen asistir poden apuntarse ata o 27 de agosto

Excursión a Lisboa

Realizarase os días **12, 13 e 14 de setembro** visitando a cidade de Lisboa e as localidades de Sintra, Cascais, Estoril e Aveiro.

Os que desexen asistir poden apuntarse ata o 12 de agosto